

NORMAS I CONCURSO DE CARTEIS “ORGHULLO RIANXO”

1.- OBXECTIVO

Co motivo da conmemoración do día da Diversidade Sexual, o Concello de Rianxo, por medio da Concellería de Benestar Social, Igualdade e Diversidade de Rianxo, convoca o I CONCURSO DE CARTEIS, “Orghullo Rianxo” .

O seu obxectivo é fomentar a participación da rapazada e dos centros educativos do municipio de Rianxo, na promoción da igualdade e a non discriminación das persoas independentemente da súa orientación sexual e identidade de xénero.

2.- PARTICIPANTES

Poderán participar a rapazada entre os 3 e os 17 anos de idade. De maneira individual ou colectiva. Cada artista ou artistas poderán presentar unha soa obra orixinal e inédita.

As persoas menores de idade terán que contar coa autorización da persoa que teña a súa representación legal (nai, pai, ou titor/a legal).

3.- FORMATO DE PRESENTACIÓN

O cartel reflectirá a reivindicación do 28 de xuño, Día da Diversidade Sexual. Nel teñen que aparecer a bandeira do arco da vella ou as cores da bandeira do arco da vella.

Figurará de forma visíbel a seguinte lenda:

“ORGHULLO RIANXO 2022”

O idioma empregado será o galego.

Deberase entregar a obra en formato A4 en JPG, mediante un correo electrónico a igualdade@concelloderianxo.gal.

Os traballos deben ser orixinais e inéditos, non presentados noutros concursos e que non supoñan, en todo ou en parte, copia ou plaxio doutras obras ou imaxes publicadas propias ou doutros artistas e/ou autores e libres de dereitos de autor.

O cartel gañador terá un premio dun lote de libros e será o cartel que se reproducirá oficialmente dende o Concello para a difusión do Día do Orgullo.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación será dende o mércores 1 de xuño ata o venres 10 de xuño ambos inclusive. Só serán admitidos aqueles carteis achegados dentro dese prazo.

As obras deberán presentarse escaneadas en formato .jpg á conta de correo electrónico igualdade@concelloderianxo.gal xunto con:

- Folla de inscrición cos datos da persoa ou persoas autoras (nome, apelidos, DNI no caso de telo, enderezo, correo electrónico e teléfono de contacto).

- Autorización do/a representante legal no caso de menores de idade.

- Opcionalmente pode axuntarse, unha nota explicativa onde o/a autor/a ou autores expresen a intencionalidade da súa obra.

A folla de inscrición e a autorización do/a representante legal facilitarase na páxina web do concello www.rianxo.gal.

5.- XURADO

Os traballos gañadores do concurso serán elixidos por un xurado entre tódalas propostas que cumpran os requisitos sinalados nas bases e recibidos dentro do prazo fixado.

Os carteis serán trasladados ó xurado mantendo o anonimato das persoas participantes. O xurado será nomeado pola Concellería de Benestar Social, Igualdade e Diversidade de Rianxo.

Os criterios para ter en conta na valoración da obra serán a creatividade e orixinalidade do cartel. A decisión do xurado será inapelábel.

6.- COMUNICACIÓN DO DITAME DO XURADO

O fallo será público o mércores 15 de xuño, nas redes sociais do Concello de Rianxo e na web municipal www.concelloderianxo.gal. Tamén se avisará a través do correo electrónico ou teléfono ás persoas gañadoras.

As obras premiadas serán propiedade do Concello de Rianxo, quen poderá utilizalas para os fins publicitarios que considere.

A entrega de premios realizarase o 20 de xuño, día no que se inaugurará a exposición no Auditorio do Concello de Rianxo de todos os traballos presentados, tanto o premiado como os no premiados. A exposición poderase visitar dende o 20 de xuño ata o 1 de xullo.

O tribunal seleccionador excluírá aquelas obras nas que o contido ou presentación non se axusten ós requisitos anteriores

A participación neste concurso supón a aceptación destas normas.

Calquera asunto non reflectido nas presentes normas, será resolto pola organización do concurso.

7.- PREMIOS

O premio consistirá nun "Lote de libros".